

Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

nº 14

ano 2

xaneiro-febrero 2008

LIBRO DE ACTAS DA IRMANDADE GALEGUISTA DE OURENSE

A progresiva **vertebración do galeguismo** durante a segunda metade do XIX deu lugar á aparición de distintas asociacións de carácter rexionalista. Pero a partir de 1916, tras a fundación na Coruña da primeira Irmandade da Fala, produciuse unha verdadeira **eclosión asociativa** co xurdimento de irmandades por multitude de vilas e cidades que tiñan como fin reivindicar e fomentar a cultura, o ser e os dereitos de Galicia a través da promoción de distintas actividades culturais e políticas.

As **irmandades ourensás** iniciais tiveron unha existencia inestable desde que se fundara a primeira en 1916. No ano 1920, tras varias refundacións e cambios de nome, reconstituíuse de novo, agora a iniciativa de Vicente Risco e baixo a denominación de **Mocedá Galeguista d'Ourense**; reconstitución coa que se dá inicio ao libro de actas no que figura o documento que protagoniza este número de *Fronda*.


Ao longo da súa existencia, as irmandades ourensás estiveron integradas por **coñecidos galeguistas** (Losada Diéguez, Arturo Noguerol, Couceiro Freijomil, Blanco Torres, Xaquín e Xurxo Lorenzo, Peña Rey, Vázquez Monjardín, etc.) entre os que destacan os membros nucleares do grupo *Nós* (Risco, Otero Pedrayo e Cuevillas).

A Mocedá fundada en 1920 atravesará distintas **vicisitudes** vinculadas á evolución do movemento galeguista e ás circunstancias políticas de cada momento. Así, tras a instauración da **Ditadura de Primo de Rivera** en 1923, a súa actividade, coma a das demais irmandades, decaeu ou desapareceu, sen volver rexurdir ata a caída do ditador en xaneiro de 1930. Este é o momento en que se reconstitúe unha vez máis a Mocedá Galeguista (maio de 1930), que a partir deste momento adopta o nome de “Irmandade Galeguista de Ourense”. O documento deste nú-

mero de *Fronda* é a acta desa reconstitución.

Redactada en **castelán**, pola obrigatoriedade legal de presentar copia ante a autoridade gobernativa, ten por finalidade “dar nueva vida legal a la Sociedad titulada “Mocedá Galeguista d'Ourense” con los mismos fines y con el mismo reglamento que tenía”.

Este libro de actas foi entregado ao AHPOu por **Xaquín Lorenzo**, un dos membros activos da *Irmandade*, como demostra a súa presenza neste documento en calidade de secretario terceiro. Xunto a este libro tamén entregou un regulamento mecanografado, listaxes de socios e varios manifestos xunto ao borrador dalgún deles. Constitúen o fondo *Irmandade Galeguista de Ourense*.



1930, maio, 11. Ourense.

Acta de reconstitución da Mocedá Galeguista d'Ourense na que muda o seu nome polo de Irmandade Galeguista de Ourense.

Original; papel; escritura humanística castelán; 230 x 330 mm; Inserido no libro de actas da Mocedá Galeguista de Ourense (1920-1930), 8 fol.

AHPOu, Irmandade Galeguista de Ourense, C. 9183.

De rexionalismo a nacionalismo: as Irmandades da Fala

En 1923 compútanse 28 irmandades que, con distintas denominacións (mocidades galeguistas, mocidades culturais, grupos autonomistas, etc.), van perseguir obxectivos comúns, expresados a través de **publicacións periódicas** como o seu voceiro *A Nosa Terra* ou a revista *Nós*.

En 1918 as irmandades reuníronse na cidade de Lugo para se dotar dunha **estrutura organizativa** común. Nesta transcendental asemblea engadiron aos seus iniciais obxectivos culturais, reivindicacións de tipo político abertamente **nacionalistas** coas que se daba por superado o rexionalismo decimonónico inicial: “nomeámonos, de hoxe para sempre, nacionalistas galegos, xa que a verba «regionalismo» non recolle todas as aspiracións nin encerra toda a intensidade dos nosos problemas”. O **manifesto de Lugo**, saído desta asemblea plasma o novo ideario e será o referente do nacionalismo galego ata os anos trinta.

A ruptura entre nacionalistas: a Asemblea de Monforte (1922) e a ING

A partir da Asemblea de Lugo (1918) prodúcese **diverxencias** entre o grupo ourensán, conservador e contrario á participación electoral, e a Irmandade coruñesa, de tendencia liberal-progresista e partidaria da vía política en unión con outras forzas non nacionalistas.

Estas diferenzas levarán á **ruptura** de ambas correntes na Asemblea de Monforte (1922), na que os ourensáns impuxeron os seus criterios e, baixo o liderado de **Vicente Risco**, contribuíron decisivamente á transformación organizativa do movemento a través da creación da **Irmandade Nazionalista Galega** (ING) na que se debían integrar todas as irmandades.

A ING configurouse como unha organización de réxime disciplinado e estrutura centralista e burocrática, equiparables aos dun partido político, pero de vocación abstencionista. No libro de actas da Moceda ourensá (23-3-1922) rexístrase a modificación dos seus estatutos para se constituír en **Delegación d'Ourense da ING**.

A reconstitución da Irmandade Galeguista de Ourense en 1930

A **Ditadura de Primo de Rivera** (1923-1930), impuxo ás irmandades unha etapa de inactividade, de xeito que a experiencia da ING apenas tivo percorrido. Caído o ditador en 1930, a asociación ourensá reconstituíuse baixo o nome de **“Irmandade Galeguista de Ourense”** (11-05-1930) e presentouse como herdeira dos obxectivos do manifesto de Lugo de 1918, enun-

ciando os seguintes **propósitos**: “A formación da concencia galega, a defensa e implantación na usanza diaria, na literatura e na ciencia, do noso idioma, sen exclusión de ningún outro, e menos do castelán, a conservación das nosas tradicións populares, a intensificación da nosa produción literaria, artística, científica, o millo-ramento das nosas condicións económicas e sociais”.

Tivo unha actividade propagandística intensa a través de mitins por toda a provincia e colaboracións en publicacións ourensás como *La Zarpa* ou *El Heraldo de Galicia*.



Selo da Irmandade Galeguista de Ourense. AHPOu, Irmandade Galeguista de Ourense, C. 9183.

A fin das irmandades

Esta nova etapa da irmandade ourensá foi tamén de vida efémera, como evidencia o feito de que a acta de reconstitución que protagoniza este número de *Fronde* sexa o derradeiro documento que figura no seu libro de actas.

A proclamación da **II República** en abril de 1931 actuou de catalizador para que o movemento galeguista dera o paso de se converter en organización política, aínda que sen acadar inicialmente a unidade. En abril dese ano os membros das irmandades ourensás fundan o **Partido Republicán de Ourense** -co que conseguiron un acta de deputado para Otero Pedrayo nas eleccións de xuño de 1931- e os coruñeses constituíron a ORGA, en compañía dos republicanos de Casares Quiroga. Finalmente, en decembro recuperouse a unidade do nacionalismo coa fundación do **Partido Galeguista**.



© ARQUIVO HISTÓRICO PROVINCIAL
Rúa Hernán Cortés 2, 32005 Ourense
arq.prov.ourense@xunta.es

Textos: Francisco Sandoval Vereza. D.L. OU 67/2006; ISSN 2659-3491